

GRAZAS DE CORAZÓN

Grazas á miña enfermidade, aprendín a ser forte, a saber deixar atrás unha mala historia e poder continuar cunha boa. É moi importante saber saltar os obstáculos que a vida che pon, e se non podes, aprender a rodear esa pedra. Sempre haberá unha solución, algo que poidas facer.

Dende que perdín a miña perna aprendín a valorar todo o que teño e todo o que tiven. Sempre recordarei todo isto que un día dixo meu pai e que agora estou entendendo, o típico “si claro” que recordas, pero que non entendes, “para que me valerá se a min nunca me vai pasar nada diso”. Ata que un día pasa. E todo isto para dar as grazas a todas as persoas que me axudastes con isto. Que saibades que estou mellor que nunca, que isto foi un punto de inflexión para a miña vida. Grazas de corazón.

Marta Lemos Muñoz

3º B